

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y EL LABORATORIO CHIESI ESPAÑA, S.A.U. PARA EL DESARROLLO DE LÍNEAS DE ACTUACIÓN INNOVADORAS Y DE INVESTIGACIÓN, ASÍ COMO DE FORMACIÓN A PROFESIONALES DEL SERVICIO GALLEGO DE SALUD.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizará coa entidade CHIESI ESPAÑA, S.A.U., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos desde o día seguinte ao da súa firma.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha liña de actuación no ámbito da investigación e innovación sobre o paciente hiperfrecuentador de EPOC no ámbito da Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

Tamén a través deste convenio se desenvolverán dúas liñas formativas, unha sobre a importancia da adherencia terapéutica a medicamentos, e outra de liderado e motivación para profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Con data 13 de xaneiro de 2016 as partes firmaron un Convenio Marco de colaboración para a promoción da investigación e a formación científica orientadas á mellora da atención ao paciente.

O dito convenio marco, na súa cláusula terceira, establecía que para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do convenio marco, deberían asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración, nos que se recolleran como mínimo, o obxecto e aspectos técnicos dos proxectos, os aspectos xurídicos, temporais e de vixencia destes, así como o réxime dos

deberes económicos, no seu caso, de cada convenio, que non poderán comprometer ao Servizo Galego de Saúde en ningún caso.

Por todo o anterior, coa formalización deste convenio promóvese a realización de diversas actuacións en forma de proxectos innovadores para mellorar a calidade de vida dos/as pacientes cunha dobre vertente: accións de investigación e innovación, e accións de formación para profesionais sanitarios, tanto clínicos como xestores ou directivos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.